



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello
Día: 22 de outubro de 2015
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.55 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Concesión de altas de tarxetas de estacionamento**
- 3. Concesión axuda material escolar**
- 4. Concesión de alta axuda alimentos ás persoas máis desfavorecidas do concello de Boqueixón**
- 5. Dar conta das altas / baixas no SAF**
- 6. Aprobación convenio de colaboración entre UNICEF ESPAÑA e o concello de Boqueixón**
- 7. Concesión de baixa de licenza municipal de actividade dun local destinado á compra-venda de automóbiles, en Vilar-Lestedo e alteración de titularidade no padrón fiscal do lixo**
- 8. Requirimento limpeza de leira dedicada a monte no lugar de Lamas-Sergude**
- 9. Arquivo de expedientes de limpeza de leiras dedicadas a monte no lugar de Rebordaos**
- 10. Cambio de ubicación de postos na feira-mercado de Lestedo, de titulares xa autorizados**
- 11. Aboamento das bolsas de “deseñando o teu futuro”**

- 12. Xustificación das accións de actuacións de vehículos motobomba**
- 13. Altas servizo de abastecemento de auga e saneamento**
- 14. Aprobación de padróns de abastecemento de auga e sumidoiros do 3º trimestre 2015**
- 15. Licenzas urbanísticas**
- 16. Aprobación de facturas**
- 17. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 1 de outubro do 2015

2. Concesión de altas de tarxetas de estacionamento

Acordase conceder dúas tarxetas de estacionamento

3. Concesión axuda material escolar

Acórdase conceder unha axuda para material escolar

4. Concesión de alta axuda alimentos ás persoas máis desfavorecidas do concello de Boqueixón

Acórdase conceder unha alta axuda alimentos ás persoas máis desfavorecidas do concello de Boqueixón

5. Dar conta das altas / baixas no SAF

Dáse conta das altas/baixas no SAF

6. Aprobación convenio de colaboración entre UNICEF ESPAÑA e o concello de Boqueixón

UNICEF España, como representante do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia ten como misión principal a supervivencia, a protección e o desenvolvemento da infancia, promovendo o disposto na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Unicef comprácese na colaboración e compromiso para difundir e facer chegar á poboación os principios que defende UNICEF, mediante a posta en marcha de diferentes accións, coas que estamos seguros nos axudarán a alcanzar os obxectivos marcados.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de colaboración asinado entre Unicef e este concello:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE UNICEF ESPAÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, 23 outubro de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Myriam xxxxx, como Presidenta UNICEF Comité Galicia

Doutra , D. Ovidio Rodeiro Tato alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1.- Colaborar no sucesivo para desenvolver no municipio o enfoque de traballo “ALIA”, consistente en levar a cabo proxectos e accións que contribúan a fomentar a participación da cidadanía, incluídos os nenos, nas políticas locais de infancia e adolescencia, construíndo así alianzas e redes de colaboración con diferentes sectores da sociedade a favor da infancia, conforme aos principios e normas da Convención sobre os Dereitos do Neno (NN.UU., 1989).

2.- Colaborar para que o municipio obteña por primeira vez o Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, conforme aos requisitos e procedemento establecidos por UNICEF España a tal efecto.

3.- A firma de este documento outorga ao municipio a condición de “**Municipio aliado do Programa Cidades Amigas da Infancia de UNICEF España**”, esta condición non implica o seu Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia ata que o Concello cumpra os requisitos previstos e o recoñecemento se produza conforme ao protocolo previsto.

4.-Para poder levar a cabo dunha forma clara e eficiente esta labor de difusión e sensibilización, UNICEF España porá á súa disposición toda a información que en cada caso se considere oportuna sobre as súas accións ou proxectos.

5.-Así mesmo, UNICEF España levará a cabo accións de difusión deste compromiso de colaboración, utilizándoo como claro exemplo de organismo comprometido e sensibilizado coas necesidades da Infancia.

6.-O presente acordo entrará en vigor na data da súa firma y manterase vixente durante un ano, prorrogándose automaticamente.

7- Este convenio non implica un custo económico para o Concello.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento.

Presidenta UNICEF Comité Galicia

O alcalde

7. Concesión de baixa de licenza municipal de actividade dun local destinado á compra-venda de automóbiles, en Vilar-Lestedo e alteración de titularidade no padrón fiscal do lixo

ANTECEDENTES:

Con data do 01/10/2015 e rexistro de entrada núm. 15/1884, D. Olegario xxxxx, con DNI núm. xxxxx presenta un escrito no que solicita a baixa nestas dependencias municipais da actividade correspondente á Compra-Venda de automóbiles, en xxxx Lestedo, a tódolos efectos correspondentes. Co mesmo, inclúese declaración de baixa polo cese da actividade empresarial e profesional, presentado ante a Axencia Tributaria con data do 01-04-2015.

Visto o expediente de referencia de data 17 de xaneiro de 2000, compróbase que foi concedida, por Resolución de Alcaldía de data do 20 de xaneiro de 2000, Licenza Municipal para a Apertura dun establecemento destinado á compra-venda de automóbiles, en xxxxx Lestedo, a nome de D. Olegario xxxxx.

Ademais, o citado D. Olegario figura dado de alta no Padrón do lixo do ano 2015, coa liquidación da taxa anual correspondente polo tipo de actividade que desenvolve.

Por outro lado, segundo datos existentes na Dirección Xeral de Catastro, o titular da dita nave con referencia catastral 3187401NH4338N0001RL, é Ovidio xxxxx, con NIF xxxxx.

Examinada dita solicitude, e cumpridos os trámites regulamentarios, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO:

Conceder, a D. Olegario xxxxx, con NIF xxxxx a baixa na licenza municipal de actividade, dun establecemento destinado a compra-venda de automóbiles, no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo.

SEGUNDO:

Proceder ao arquivo do expediente de actividade completo, sen máis trámite.

TERCEIRO:

Dar de baixa a D. Olegario xxxxx no **padrón fiscal do lixo, do citado establecemento destinado á compra-venda de automóbiles**, correspondente ó ano 2016, e así mesmo, **dar de alta no dito padrón fiscal** a D. Ovidio xxxxx, con NIF xxxxx, que figura como **propietario da nave comercial sen actividade**, aplicando a taxa que lle corresponda, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora correspondente.

CUARTO:

Comunicar este acordo aos interesados D. Olegario xxxxx e D. Ovidio xxxxx, aos efectos oportunos.

8.Requirimento limpeza de leira dedicada a monte no lugar de Lamas-Sergude

No mes de setembro do 2015, coincidindo co inicio do curso escolar 2015-2016, recíbense numerosas queixas dos pais/nais dos alumnos/as que acoden á escola infantil municipal de Lamas-Sergude en relación co perigo que supón que a leira de monte que está preto da escola infantil está con abundante maleza, o cal supón un risco de incendio así como de insalubridade.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón que a leira dedicada a monte cuxa referencia catastral é a número 15012C505000260000DW, polígono 505, parcela 26 é propiedade de dona Rosa María xxxxx.

Según informe técnico do 19 de outubro do 2015, *“Feita inspección técnica no lugar de Lamas-Sergude, compróbase que arredor da escola infantil municipal a leira número 26, polígono 505, está con abundante maleza. Dita maleza está a menos de 50 metros perimetrais respecto da edificación.*

Non se cumpre coa normativa das distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que“ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.**

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.

- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á propietaria da leira número 26 polígono 505 do lugar de Lamas – Sergude, dona Rosa María xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da biomasa vexetal existente, ata gardar a distancia de 50 metros perimetrais respecto da edificación.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo á persoa obrigada.
3. Dar trámite de audiencia á citada propietaria para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

9.Arquivo de expedientes de limpeza de leiras dedicadas a monte no lugar de Rebordaos

O 15 de abril do 2015, co número de entrada 15/694, don Manuel xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito no rexistro municipal expoñendo que sendo propietario da vivenda situada na parcela número 567 do lugar xxxxx en Oural, atópase a mesma rodeada de parcelas dedicadas a monte, que non cumpren coa normativa da Lei 3/2007, prevención e defensa contra os incendios forestais e coa Lei 7/2012 de montes de Galicia, en materia de distancias do arboredo e de maleza respecto da citada vivenda.

Sinala que as parcelas que non cumpren coa normativa citada son as número 566, 571, 572, 574 e 575, polígono 47 do “Xeixo-Boqueixón”.

Na Xunta de Goberno de data 7 de maio de 2015 acordouse:

A) Requirir á propietaria da leira número 566, polígono 47, dona María xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

B) Requirir os propietarios da leira número 571, polígono 47, herdeiros de dona María xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) e de 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

C) Requirir os propietarios da leira número 574, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros), 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

Feita inspección técnica o día 19 de outubro de 2015 no lugar de O Xeixo, xxxxx Oural, preto da vivenda de don Manuel xxxxx compróbase “*que a mesma está rodeada de leiras de monte.*”

Na leira número 566, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte, procedeuse coa corta de piñeiros e limpeza de maleza; cumpríndose co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Na leira número 571 polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte, procedeuse coa corta de piñeiros e carballetes, cumpríndose co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Na leira número 574 polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte, procedeuse coa corta de piñeiros e carballetes e limpeza de maleza, cumpríndose co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra a propietaria da leira número 566, polígono 47, herdeiros de dona María Dolores xxxxx, por proceder a mesma cos traballos de corta de arboredo e de limpeza, ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os propietarios da leira número 571, polígono 47, herdeiros de dona María xxxxx, por proceder os mesmos cos traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

3. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os propietarios da leira número 574, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, por proceder os mesmos cos traballos de corta de piñeiros, carballetes e limpeza de maleza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

4. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

5. Comunicar o acordo ós interesados.

10.Cambio de ubicación de postos na feira-mercado de Lestedo, de titulares xa autorizados

Mediante acordo na Xunta de Goberno do 1 de outubro de 2015, retiráronse 9 autorizacións de venda ambulante na Feira- mercado de Lestedo coa prohibición de poder obter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano ós feirantes que interrompiron a súa actividade 4 domingos de feira consecutivos.

Deste xeito, ábrese un proceso de adxudicación de novas autorizacións ós feirantes que o soliciten. Ó procedemento daráselle a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

En todo caso, os titulares autorizados anteriormente con posto na feira-mercado de Lestedo, terán preferencia sobre os novos solicitantes e as concesións das autorizacións realizaranse por riguroso orden de entrada das solicitudes no rexistro desta entidade e unha vez se revise a documentación requerida.

Con rexistro nº 15/1738 do día 8 de setembro de 2015 dóuselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de dona Lourdes xxxxx, titular autorizado co posto nº 52 na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1737 do día 8 de setembro do 2015 dóuselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de dona María xxxxx, titular autorizado co posto nº 50 na Feira- mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1749 do día 10 de setembro do 2015 dóuselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de don Ramón xxxxx, titular autorizado co posto nº 54 na Feira- mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1772 do día 14 de setembro do 2015 dóuselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de don José Manuel xxxxx, titular autorizado co posto nº 46 na Feira- mercado de Lestedo.

Unha vez revisada cada unha destas solicitudes e comprobado que se axustan ós requerimentos da Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados- feiras de Boqueixón,

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ós vendedores ambulantes nomeados, o cambio de ubicación e adxudicarlles o seguinte posto numerado:

POSTO Nº	NOME E APELIDOS
75	LOURDES xxxxx
74	MARÍA ROSA xxxxx
55	RAMÓN xxxxx
45A	JOSÉ MANUEL xxxxx

11.Aboamento das bolsas de “deseñando o teu futuro”

Con data do 11 de maio de 2015, e con rexistro de entrada na Xunta de Galicia núm. 2015/128585, presentouse no rexistro telemático solicitude do programa Deseñando o teu futuro regulado pola Orde do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Con data do 09 de xullo de 2015, a OMIX Boqueixón a través do seu correo electrónico teufuturo.ctb@xunta.es recibe comunicación da Resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do 8 de xullo dos beneficiarios do Programa Deseñando o teu futuro (podendo consultar a lista definitiva da mesma na páxina <http://xuventude.xunta.es/>), polo que se concede unha axuda económica por importe 5.700 euros, destinados a cubrir os conceptos establecidos no artigo 5 da Orde de convocatoria.

Por Decreto de alcaldía do 16 de xullo de 2015 foi aceptada a axuda concedida para o proxecto así como solicitado o pagamento de anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

Con data do 21 de xullo comezaron a realizar as prácticas os mozos e mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.

Polo todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

Realizar o pago das bolsas ós/ás mozos e mozas beneficiarios/as que finalizaron as estadias-visitas nas empresas de acollida durante o mes de setembro de 2015.

PROGRAMA DESEÑANDO O TEU FUTURO

PAGO DE BOLSAS POR ESTADÍAS-VISITAS REALIZADAS NAS EMPRESAS DE ACOLLIDA.

NOME E APELIDOS MOZO/A	NIF	EMPRESA DE ACOLLIDA	NÚM CONTA BANCARIA	DATAS DE REALIZACIÓN DA ESTADÍA-VISITA	DÍAS	IMPORT E DA AXUDA	TOTAL (6€ PERSOA/DÍA)
E xxxxx	xxxxx	Pensión Casa da Capilla	xxxxx	01/09/2015 ó 05/09/2015	5	6 euros	30 euros
L xxxxx	xxxxx	Restaurante Casa Lodeiro	xxxxx	02/09/2015 ó 08/09/2015	5	6 euros	30 euros
R xxxxx	xxxxx	Clínica Dental Cristina Pampín	xxxxx	01/09/2015 ó 24/09/2015	15	6 euros	90 euros
V xxxxx	xxxxx	Residencia Santa Olaya	xxxxx	18/08/2015 ó 11/09/2015	11	6 euros	66 euros
J xxxxx	xxxxx	Estudio Técnico Gallego	xxxxx	14/09/2015 ó 18/09/2015	5	6 euros	30 euros
S xxxxx	xxxxx	Cocoescola	xxxxx	01/09/2015 ó 21/09/2015	15	6 euros	90 euros
L xxxxx	xxxxx	Cocoescola	xxxxx	01/09/2015 ó 21/09/2015	15	6 euros	90 euros
J xxxxx	xxxxx	Asociación Pura Raza Cabalo Galego	xxxxx	01/09/2015 ó 14/09/2015	10	6 euros	60 euros
P xxxxx	xxxxx	AQUAFIT GESTIÓN, S.L	xxxxx	07/09/2015 ó 11/09/2015	5	6 euros	30 euros
L xxxxx	xxxxx	AQUAFIT GESTIÓN, S.L	xxxxx	07/09/2015 ó 11/09/2015	5	6 euros	30 euros
Total axuda							546 euros

12.Xustificación das accións de actuacións de vehículos motobomba

O día 6 de xuño de 2015, esta entidade e a Consellería do Medio Rural e do Mar, asinaron un convenio de colaboración para participar na prevención de incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

O importe do convenio destinado a subvencionar os gastos pola operatividade do vehículo motobomba é de 16.747,50 € do que a Xunta de Galicia xa ingresou o 85%.

Dita actividade realizouse dende o 1 de xullo ata o 15 de outubro de 2015. O prazo de xustificación será de 15 días dende o remate das accións.

É preciso enviar a relación clasificada dos gastos de persoal co custo correspondente e a relación clasificada doutros gastos derivados do funcionamento e mantemento do vehículo motobomba, o cumprimento do convenio e importe da execución do gasto,

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

a) Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, na que consta:

1.- Que se dou cumprimento á finalidade do convenio e que a aplicación dos fondos para a execución total do gasto foi destinado a tal fin. Sendo a execución total do gasto realizado por esta entidade de 18.104,94 € (importe sen IVE). Sendo a contía da subvención da Xunta de Galicia de 16.747,50 euros.

2.- Aprobar a relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o traballador e a relación de salario bruto e custo da seguridade social:

XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (85%)

NOME DO TRABALLADOR 1: AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO

DNI: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO1: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO2: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)·C
Xullo	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Agosto	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Setembro	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Outubro	797 €	301,27 €	100	1.098,27
TOTAL	3.722,63 €	1.407,13 €	100	5.129,76 €

NOME DO TRABALLADOR 2: FERNÁNDEZ VARELA ANTONIO

DNI: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO1: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO2: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)·C
Xullo	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Agosto	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Setembro	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Outubro	797 €	301,27 €	100	1.098,27
TOTAL	3.722,63 €	1.407,13 €	100	5.129,76 €

NOME DO TRABALLADOR 3: NEIRA SOUTO RAFAEL

DNI: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)·C
Xullo	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Agosto	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Setembro	975,21 €	368,62 €	100	1.343,83 €
Outubro	797 €	301,27 €	100	1.098,27
TOTAL	3.722,63 €	1.407,13 €	100	5.129,76 €

SUMA TOTAIS	11.167,89 €	4.221,39 €	100	15.389,28 €
----------------	-------------	------------	-----	-------------

XUSTIFICACIÓN IMPORTE RESTANTE (15%)

NOME DO TRABALLADOR 1: AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO

DNI: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)·C
Xullo	172,09 €	65,05	100	237,14
Agosto	172,09 €	65,05	100	237,14
Setembro	172,09 €	65,05	100	237,14
Outubro	140,64 €	53,16 €	100	154,83
TOTAL	656,91 €	248,31 €	100	905,22 €

NOME DO TRABALLADOR 2: FERNÁNDEZ VARELA ANTONIO

DNI: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO¹: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO²: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)·C
------------------	----------------------	--	---	------------------------

Xullo	172,09 €	65,05	100	237,14
Agosto	172,09 €	65,05	100	237,14
Setembro	172,09 €	65,05	100	237,14
Outubro	140,64 €	53,16 €	100	154,83
TOTAL	656,91 €	248,31 €	100	905,22 €

NOME DO TRABALLADOR 3: NEIRA SOUTO RAFAEL

DNI: xxxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO1: 01/07/2015

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO2: 15/10/2015

Mes ³	Total devengado A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
Xullo	172,09 €	65,05	100	237,14
Agosto	172,09 €	65,05	100	237,14
Setembro	172,09 €	65,05	100	237,14
Outubro	140,64 €	53,16 €	100	154,83
TOTAL	656,91 €	248,31 €	100	905,22 €

SUMA TOTAIS	1.970,73 €	744,93 €	100	2.715,66 €
----------------	------------	----------	-----	------------

XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)

	Total devengado ^A	SS a cargo do Concello ^B	% da xornada adicado ^C	Custo total (A+B)-C
Anticipo (85%)	11.167,89 €	4.221,39 €	100	15.389,28 €
Restante (15%)	1.970,73 €	744,93 €	100	2.715,66 €
Suma totais	13.138,62 €	4.966,32 €	100	18.104,94 €

¹ Esta data non poderá ser anterior ao comezo da operatividade.

² Esta data non poderá ser posterior ao remate da operatividade.

³ Engadir os meses e/ou traballadores que sexa necesario.

3.- Que o concello de Boqueixón non ten solicitado nin concedida outra axuda para os mesmos fins que os que subvencionan con cargo ao Convenio de Colaboración asinado, o 6 de xuño do corrente ano, pola Consellería do Medio Rural e do Mar, para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

b) Dar traslado deste acordo á Consellería do Medio Rural.

13. Altas servizo de abastecemento de auga e saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
María xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Eva xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Mª xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Benedicta xxxxx	xxxxx	Camporrapado - Oural	54,86 €
Fidel xxxxx	xxxxx	Xxxxx Lestedo	54,86 €
Gumersindo xxxxx	xxxxx	Camporrapado-Oural	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas a dona María Jesús xxxxx, a dona Eva xxxxx e a Mª Soledad xxxxx son para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

As altas concedidas a dona Benedicta xxxxx, a don Fidel xxxxx e a don Gumersindo xxxxx, son para vivenda. Todos eles aboaron a taxa no número de conta xxxxx - (ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
María xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Eva xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Mª xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar-Lestedo	54,86 €
Fidel xxxxx	xxxxx	Vilar - Lestedo	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas a dona María Jesús xxxxx, a dona Eva xxxxx e a Mª Soledad xxxxx son para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

A alta concedida a don Fidel xxxxx é para vivenda. Aboou a taxa no número de conta xxxxx -(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

14.Aprobación de padróns de abastecemento de auga e sumidoiros do 3º trimestre 2015

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 3º trimestre do ano terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.054

Servizo de saneamento: 1.355

-Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

15.Licenzas urbanísticas

Licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, dous muros de contención de terras, lindeiros con outras fincas, e o acceso á parcela desde a estrada autonómica, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude. Expte: 13/2290

ANTECEDENTES:

Con data do 02/12/2013 (registro de entrada núm. 13/2290), por Celia xxxxx, con DNI número xxxxx, preséntase un proxecto técnico básico, asinado polo arquitecto D. David Saldaña Acle, colexiado número H-11108, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 13/12/2013, emítase o primeiro informe técnico da arquitecta municipal.

Con data do 19/12/2013, con registro de saída 13/1217 dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, para aportar nova documentación, e correccións ao proxecto presentado.

Con data do 13/01/2014, con registro de entrada 14/57, por Celia xxxxx, preséntase un proxecto básico modificado, en base ao informe técnico de data do 13/12/2013.

Con data do 29/01/2014, emítase o segundo informe técnico da arquitecta municipal.

Con data do 07/02/2014, con registro de saída 14/133, dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, para aportar nova documentación, e correccións ao novo proxecto básico modificado que se achega.

Con data do 19/02/2014, con registro de entrada 14/305, por Celia xxxxx, preséntase unha nova documentación de subsanación de deficiencias do proxecto básico modificado, en base ao informe técnico de data do 29/01/2014.

Con data do 20/03/2014, emítase o terceiro informe técnico da arquitecta municipal.

Con data do 02/04/2014, con rexistro de saída 14/314, dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, para aportar nova documentación.

Con data do 07/08/2014, con rexistro de entrada 14/1477, por Celia xxxxx, achégase unha comunicación de Augas de Galicia, na que di que a vivenda non precisa autorización, pero o peche de parcela si.

Con data do 11/02/2015, con rexistro de entrada 15/256, por Celia xxxxx, achégase unha autorización do Servizo Provincial de Estradas, para a construción dunha vivenda unifamiliar e dun novo acceso a esa vivenda, e que substitúe o acceso anteriormente existente ó predio.

Con data do 12/02/2015, con rexistro de entrada 15/266, por Celia xxxxx, achégase unha copia do proxecto básico e de execución para a vivenda unifamiliar, así como o Oficio de dirección de execución das obras.

Con data do 19/02/2015, con rexistro de entrada 15/303, por Celia xxxxx, achégase unha autorización do Organismo Autónomo de Augas de Galicia, para a construción dun muro de peche na parcela nº 550 do polígono 505, na zoan de policía do río Sáramo (xxxxxx).

Con data do 25/02/2015, emítase o cuarto informe técnico da arquitecta municipal, con relación ó proxecto básico e de execución achegado.

Con data do 02/03/2015, con rexistro de saída 15/146, dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, para aportar nova documentación.

Con data do 21/05/2015, con rexistro de entrada 15/999, por Celia xxxxx, preséntase de novo un proxecto básico, con anexos de nova documentación, en base ao informe técnico de data do 25/02/2015.

Con data do 03/06/2015, emítase o quinto informe técnico da arquitecta municipal, con relación ó novo proxecto básico achegado, presentado con data do 21/05/2015.

Con data do 08/06/2015, con rexistro de saída 15/481, dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, de data do 03/06/2015, para aportar nova documentación corrixida.

Con data do 03/07/2015, con rexistro de entrada 15/1345, por Celia xxxxx, preséntanse uns anexos de documentación, en base ao informe técnico de data do 03/06/2015.

Con data do 20/07/2015, emítase o sexto informe técnico da arquitecta municipal, con relación á nova documentación achegada, presentada con data do 03/07/2015. Do mesmo xeito, tamén se puxo en coñecemento do arquitecto proxectista, mediante correo electrónico, o 17/07/2015.

Con data do 30/07/2015, con rexistro de entrada 15/1519, por Celia xxxxx, preséntanse unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 20/07/2015.

Con data do 07/08/2015, emítase o sétimo informe técnico da arquitecta municipal, con relación á nova documentación achegada, presentada con data do 30/07/2015.

Con data do 14/08/2015, con rexistro de saída 15/757, dáselle traslado á promotora do contido do informe técnico, de data do 07/08/2015, para aportar nova documentación corrixida.

Con data do 11/09/2015, con rexistro de entrada 15/1766, preséntanse unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 07/08/2015.

Con data do 15/09/2015, emítase o oitavo informe técnico, **favorable**, e que basicamente di:

“Con data do 11 de setembro de 2015, e rexistro de entrada nº 15/1766, achégase a seguinte documentación:

Planos A-03, A-06 e A-09

As condicións establecidas no informe da AXI para o muro frontal non resultan compatibles coas obrigas municipais neste casos sen ter que realizar un excesivo movemento de terras na finca, polo que a promotora optou por suprimir o citado muro frontal da licenza, quedando como obxecto de licenza: a construción da vivenda unifamiliar illada, dous muros de contención de terras lindeiros con outras fincas ó norte e ó oeste, e o acceso á finca, que deberá cumprir, en todo caso, as condicións indicadas no informe da AXI.

Para poder iniciar as obras, deberase achegar a seguinte documentación:

- *Proxecto de execución visado polo colexio profesional correspondente*
- *Oficios de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde*
- *Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética de proxecto, co xustificante do INEGA.*

No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 19/10/2015, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa municipal, por importe de 94,66 €; a cesión municipal, e a escritura de propiedade da parcela. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Celia xxxxx, a **LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS**, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada, dous muros de contencións de terras, lindeiros con outras fincas, e o acceso á parcela desde a estrada autonómica*”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Núm. do expediente: 13/2290
02. Promotor da licenza: CELA xxxxx
03. DNI do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras: CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, DOUS MUROS DE CONTENCIÓN DE TERRAS, LINDEIROS CON OUTRAS FINCAS, E O ACCESO Á PARCELA DESDE A ESTRADA AUTONÓMICA
06. Situación e emprazamento: xxxxx - SERGUDE
07. Taxa pola solicitude da licenza: 94,66 €
08. Orzamento de execución material das obras inicial: 115.172,30 €
09. Orzamento de execución material das obras modificado: 118.906,32
10. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2.972,66 €
11. Técnico autor do proxecto: DAVID SALDAÑA ACLE, colexiado número H-11108
12. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: SEIS MESES
- Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

13. Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:

- Proxecto de execución visado polo colexio profesional correspondente
- Oficios de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde
- Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética de proxecto, co xustificante do INEGA

14. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.

15. Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.

16. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas nas autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **2.972,66 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

16.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 71.010,34 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MANTEMENTO INFORMÁTICO MES DE SETEMBRO	920	21600	594,00 €
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	ASISTENCIA TECNICO-URBANÍSTICA MES DE SETEMBRO	151	22706	1.917,85 €
3	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	SERVIZO CORREOS MES DE SETEMBRO	920	22201	630,35 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO FUSIÓN FAX+MÓBILES	920	22200	407,65 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO GARDERIA P. CIVIL	920	22200	30,75 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO GARDERIA CORREOS	920	22200	26,67 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO GARDERIA LESTEDO	920	22200	50,40 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO CENTRALIÑA	920	22200	477,48 €
9	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CUNSUMO MÓBILES 18/06-05/07	920	22200	212,20 €

10	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO ACCESOS MÓBILES	920	22200	75,62 €
TOTAL					4.422,97 €

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSORES MES DE OUTUBRO	920	21300	76,23 €
2	ATENDO CALIDADE, S.L.	SAF DEPENDENCIA SETEMBRO	231	22799	22.300,57 €
3	ATENDO CALIDADE, S.L.	SAF LIBRE CONCORRENCIA SETEMBRO	231	22799	2.065,99 €
4	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	REPARAR LUCES CAMIÓN LIXO	1621	21300	104,46 €
5	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	REPARA LUCES REMOLQUE	135	21300	42,89 €
6	BOTANA GRANJA, MANUEL	CAIXA RECAMBIO ESPUMA SUPERFICIE	920	21200	12,40 €
7	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	MERCANCIA SERVIDA PARA BOQUEISONS	924	22601	67,85 €
8	CELA REGUEIRO, MARIA CONCEPCION	ESPECT."POPIN PREGUNTÓN BUSCO Ó LEÓN"	334	22609	749,99 €
9	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBL.REX. 15/1982	165	22100	5.322,17 €
10	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO LOCAL SOCIAL CODESO	165	22100	198,40 €
11	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	MATERIAL OFICINA	920	22000	108,05 €
12	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	REPARACIÓN CORTACESPED E RIDER	171	21300	280,57 €
13	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	RENOVACIÓN ANUAL LICENZA ANTIVIRUS	920	21600	105,27 €
14	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	ADAPTADOR USB WIFI	920	21600	35,21 €
15	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	CARTUCHO TINTA IMPRESORA GARDERIA	920	22000	61,71 €
16	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	COPIA CHAVES, DESCARGADOR,...	920	21200	69,33 €
17	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIADORA OUTUBRO	920	21300	420,63 €
18	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIADORA SETEMBRO	920	21300	420,63 €
19	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	255,55 €
20	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	384,67 €
21	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	385,84 €
22	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	1.804,64 €
23	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	604,72 €
24	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	273,36 €
25	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	393,71 €
26	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	744,00 €
27	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	327,09 €
28	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	746,85 €
29	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	313,83 €
30	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	327,74 €
31	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	1.608,08 €
32	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	1.589,23 €
33	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	1.541,35 €
34	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	247,24 €
35	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	314,30 €
36	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	179,39 €
37	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA MAQUINARIA MUNICIPAL	135	22103	311,45 €
38	HERMANOS COUTO FANDIÑO, S.L.	TUBERIAS E PEZAS AMPLIACIÓN AUGA	1532	21200	423,50 €

39	JAIME GOMEZ SOUTO Y OTRO, S.C.	REPAR. ESCOLAS LESTEDO E CAMPORRAPADO	320	21200	332,57 €
40	JAVIER MANCEBO VELEIRO	BOQUEISÓNS 2015	924	22601	93,00 €
41	JORGE IGLESIAS LOPEZ - INFOR-BYTE	CURSO INFORMAÁICA	334	22609	300,00 €
42	LUCUS CONTI DISTRIBUCIONS S.L.	LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	22699	65,60 €
43	MONTOUTO REPARACIONES, S.L.	REPARACIÓN CAMIÓN DO LIXO	1621	21300	601,14 €
44	PINTURAS BOQUEIXÓN, S.L.	TRABALLOS DE PINTURA E PLADUR GARDERIA	231	21000	909,92 €
45	PROBISA PROD. BITUMINOSOS, S.L.U.	AGLOMERADO PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	155,78 €
46	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	PLAQUETAS, CEMENTO,..	1532	21200	295,94 €
47	SOC. GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	XESTIÓN RESIDUOS SETEMBRO	1623	21200	8.343,08 €
48	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	CASQUILOS, ACEITE TRACTOR	163	21300	240,49 €
49	TETIANA ANDRIUSHKO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	11,05 €
50	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPOSITOS P.CIIVIL	1621	22103	3.021,34 €
51	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS MUNICIPAIS	1621	22103	2.983,57 €
52	VAGALUME XEST. INT. DE SERV., S.L.	ACTIVIDADES VERAN ACTIVO	334	22609	4.015,00 €
				TOTAL	66.587,37 €

B.- Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 6.825,51 euros (suma do módulo B + achega concello) e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención módulo B: 17.664,00 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 10.730,47 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	GRAFIIDEAS –CARTEIS OBRAD.DE EMPREGO, IMPRESIÓN E ROTULACIÓN	241.212.00	618,31 €
2	ALMACENES REDONDO – MATERIAL DIDÁCTICO PARA FORMACIÓN	241.212.00	1.842,78 €
3	EL SOL SL – VESTIARIO E CALZADO PARA ALUMNOS DO OBRADOIRO	241.212.00	2.790,56 €
4	EL SOL SL – PANEL DE OBRAS	241.212.00	20,23 €
5	HERRAMIENTAS NOROESTE, SL – AFIADO DE DISCOS E DE CUCHILAS	241.212.00	72,93 €
6	FOGA – ALUGUER OUTUBRO E CUSTO FOTOCOPIAS MES DE SETEMBRO	241.212.00	134,06 €
7	WÜRTH- SERRA DE CALAR E LIXA DE TELA	241.212.00	182,29 €
		Total	5.661,16 €

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 28.472,13 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	MADERA JESÚS APARICIO GRANJA – TABOLEIRO PARA OBRAS DO OBRADOIRO	1532.212.00	108,90 €
2	GASÓLEOS S. BENITO, SL – COMBUSTIBLES PARA MAQUINARIA	1532.212.00	331,65 €
3	J. RAMÓN LAMAS SUÁREZ PINTURAS – PINTURAS E BARNICES	1532.212.00	747,07 €
		Total	1.187,62 €

17.Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde